

OCIO Y CULTURA

Queixas Zas: «Reducíronnos o orzamento en máis dun 60 %, tamén por razóns de índole política»

A «Asociación de Escritores en Lingua Galega» afronta un dos peores momentos da súa historia

DIEGO PARDO AMADO
06 de junio de 2012 16:31

Mercedes Queixas Zas (A Coruña, 1968) é unha muller pragmática e resolutive. Dilixente ata o extremo de combinar á perfección as facetas de profesora, escritora, secretaria xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e dinamizadora cultural. Entrecruza as mans con elegancia e responde a todas as preguntas sen perder o sorriso optimista con que agasalla ás persoas con quen comparte «soles, ventos, treboadas, reloxos de area e vogais abertas e pechadas». O resto non lle interesa e aprendeu a ignoralo hai tempo, recoñece.

-É vostede coruñesa de nacemento, mais bergantiñá de corazón.

-Si, eu nacín na Coruña mais son filla de persoas de aldea que a finais dos 60 viñeron á cidade na procura dun mundo que presumían mellor, sobre todo para os seus fillos.

-¿Viviú desde cedo o contraste entre o mundo rural e mais o urbano?

-Desde logo, para min a aldea representaba a liberdade mentres que a vida na cidade era a disciplina, a rixidez, o deber escolar e familiar. Ademais, tiven que coidar dos meus irmáns desde cedo porque miña nai traballaba no negocio familiar.

-Fala vostede dun «rural útil, vivo e necesario para as persoas que o traballaban, que iniciaban e remataba nel o ciclo vital». ¿Que lembra dese mundo?

-Por exemplo, a imaxe da miña bisvoa sentada na parrumeira bebendo macela. Fervíaa a primeira hora da mañá para que fose amornando ao longo do día e xa non bebía outra cousa. Ou tamén dun outro bisavó a pasear entre os castelos de madeira da fábrica que chegou a posuír.

-Mais vostede pertence a unha outra xeración con novas inquiredanzas. Non en van nace nun ano «revolucionario»



ARQUIVO DA AELG

como é o 1968. ¿Coida que isto posúe algún significado?

-[risas]-Na vida dunha persoa van sucedendo cousas que probabemete a vaian orientando. Eu non sei moi ben o que é o destino, mais logo decátaste de que hai elementos biográficos que parecían inocentes e que, porén, van tecendo unha confabulación e dirixíndote cara a unha ideoloxía, unha profesión ou unha actitude perante a vida.

-Unha actitude que ten a ver coa defensa do galego, unha causa en que milita desde ben nova. ¿Cal é a súa diagnose do momento que vivimos?

-Hai situacións un pouco violentas e grotescas que parecen doutra época; é máis, creo que hai anos non se producían e agora si.

-¿Por exemplo?

-Hai xa tempo na Coruña unha filla miña falome nun parque en galego e outra cativa que estaba ao carón espantouse e berroulle á súa nai: «¡Mamá, es gallega!».

«O libro sobre María do Carme Kruckenberg foi o máis laborioso da miña carreira»

-¿Iso aféctalle?

-Afecta, moito. Por iso gustárame poder estar máis preservada, non interiorizar tanto o problema da lingua. É unha situación de inxustiza tan grande e de persecución ao idioma e ás persoas que o falamos, que hai situación que me afectan por demais, aínda que eu non queira.

-Mais a través da educación é posible mudar unha miga a situación.

-Eu creo que si. Cada día renovo a miña confianza no ensino. É a miña vocación e alégame o feito de poder traballar naquilo que me gusta.

-Canto á súa extensa obra ¿qué libro lle devolveu máis?

-O primeiro e o último [responde con determinación]. Os trovadores do Reino de Galiza foi acordar a unha experiencia nova e moi bonita, con moitísimas viaxes por centros de ensino e do que se chegaron a vender vinte mil exemplares.

-¿E o último, por que?

-Vivir, unha aventura irrepitíbel foi o libro en que traballei máis tempo e con maior intensidade. Todos os sábados durante dous anos viaxei a Vigo para entrevistar a María do Carme Kruckenberg, que ten moita vida que contar. Ademais, ao ser unha biografía acerca dunha escritora viva, foi diferente ao que fixera ata o momento.

-E aínda fican proxectos...

-A Tese sobre Manuel María. Esa é a espiña que me queda.

«Hai anos non se producían situacións co galego que agora si ocorren»

-Voltemos á dura realidade que nos toca vivir. ¿Como están afectando os recortes á Asociación de Escritores en Lingua Galega?

-Nos últimos tres anos houbo unha redución extraordinaria, que xa pode ter chegado ao 60 ou 70 %.

-Supoño que iso limita moito a actividade da asociación.

-Tivo que haber unha simplificación do volume de tarefas e estamos loitando para manter os postos de traballo, o que significa renuncias por parte de todos, tamén do consello directivo. Para nós é moi importante que, ao menos, se sigan realizando aquelas actividades que son históricas da asociación, como pode ser o caso da Cea das Letras.

-¿Pensa que só a crise económica explica unha redución tan drástica?

-Desde logo que nestes momentos tan duros están aí as cuestións económicas, mais non só. Debido ás causas que defendemos, existen motivos de índole política que explican o ataque á institución. Pense no acontecido coa Real Academia Galega recentemente.

-¿Coñécese suficientemente o labor da AELG?

-Probablemente non todo o necesario, mais nos últimos anos entrou algo máis na sociedade, sobre todo como instrumento do colectivo de escritores e escritoras. Era necesario unha páxina web que contase con honorarios orientativos para os profesionais da literatura.

-¿Entón teñen claro que hai que estar na redes sociais ou non se está no mundo?

-A Asociación de Escritores en Lingua Galega debe estar onde está a sociedade. Esa foi a razón pola que puxemos tanto empeño na páxina web e nas redes sociais. A min abráíame o número de visitas que recibimos, moitas delas de países ben afastados da nosa realidade.
